Reseda phyteuma L., 1753

- reseda brava, r. menor, r. silvestre
- reseda silvestre, sesamoide menor, farolillo/a, sosiega-niño, gualdilla
- gualdilla o sesamoide menor
- pebrots de ruc, galda, gavarró, marduixí, pebrots de suc
- rampion mignonette
- erva de sesteiras, reseda menor



ESTADO DE CONSERVACIÓN

Sen avaliar

DIVISION	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Magnoliophyta	**Magnoliopsida**	**Brassicales**	**Resedaceae**	***Reseda***

ORIXE

Cunca mediterránea, abarcando o sur de Europa, norte de África e suroeste de Asia.

CARACTERÍSTICAS

Planta herbácea, anual, bienal ou perenne, de 15-40 cm de altura. Follas enteiras ou con 1-3 lóbulos laterais, espatuladas na base e máis pequenas no talo. Flores agrupadas en inflorescencias de tipo acio. Constan de 6 sépalos estreitos e 6 pétalos brancos. Os 4 pétalos superiores están divididos en 5-9 segmentos estreitos, dándolles un aspecto desfiañado ou laciniado. O froito é unha cápsula colgante, ovoide-cilíndrica, inchada e co extremo de 3 dentes. As sementes son visibles no seu interior e a cápsula ábrese por debaixo ao maduraren.

HÁBITAT

Terreos ruderais e alterados, como cunetas, noiros, beiravías e campos abandonados.

DISTRIBUCIÓN

Centro e sur de Europa e noroeste de África.

CURIOSIDADES

Nas plantacións de cereal, considérase unha maleza problemática. O seu crecemento pode limitar o desenvolvemento do trigo ou da cebada, causando reducións significativas nas colleitas.